

Notificación de concesión de subvención

Expediente: Resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, de cara o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2025 (DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2025). Código do procedemento CT302B.

Poño no seu coñecemento que, por resolución do Conselleiro de Cultura, lingua e Xuventude, como presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de data 29.03.2024, foille concedida a subvención que se lle notifica, segundo o establecido no artigo 10 da resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, de cara o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, e no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Entidade: CONCELLO DE PONTEDEUME

NIF : P1507000F

Importe total da subvención concedida: 2500 €

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, conforme os artigos 114 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro medio que estime oportuno, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a presidencia do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende a mesma data.

Notifícase de conformidade co artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Así mesmo, comunícaselle que na páxina web da Agadic (industriasculturais.xunta.gal) poderá consultar toda a información relativa a este proceso, e que para o pagamento deberá seguir as instrucións do artigo 20 da citada resolución.

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais
Jacobo Sutil Nesta

